

Transformación de IES en CIFP e traslado de ensinanzas

Mesa Sectorial, 20 de xullo de 2021

ORDE do ... de xullo pola que se desenvolve o Decreto 107/2021, do 1 de xullo, polo que transforman institutos de educación secundaria en centros integrados de formación profesional e se trasladan ensinanzas.

A administración informa da transformación, xa previstas no Decreto, de tres IES en CIFP.

1. IES UNIVERSIDADE LABORAL (Culleredo).
2. IES LEIXA (Ferrol). O alumnado de Bacharelato trasládase ao IES CATABOIS.
3. IES FRAGAS DO EUME. O alumnado de ESO e Bacharelato trasládase ao IES BREAMO.

Sigue informando dos cambios de ciclos en Ferrol e Lugo:

Ciclo superior de Ed. infantil: traslado CIFP Ferrolterra a CIFP de Leixa.

CFGs ensinanzas de animación sociodeportiva: traslado de IES Nosa Señora de Ollos Grandes de Lugo a CIFP politécnico de Lugo.

Por último, indica a integración de :

- o CEIP Plurilingüe de Pino de Val de Mazaricos no CPI Plurilingüe da Picota.
- o CEIP de Baamonde de Begonte no CEIP Virxe do Corpiño.

Por outra banda, a Consellería lémbra-nos que, como se ven facendo anualmente, o persoal docente afectado por estes cambios será adscrito atendendo as seguintes criterios:

- Atenderase ao profesorado con perda de destino ou desprazamento segundo o establecido no decreto 140/2006 que regula os criterios de perda de destino definitivo.
- o catálogo en función do número de unidades para primaria.

Engade que a antigüidade se conserva para todos os efectos.

Dende **UGT Servizos Públicos** empezamos a nosa intervención valorando positivamente estas transformacións para o fomento da Formación Profesional. Pero pensamos que o proceso se podería acelerar a pesar das coñecidas dificultades de infraestruturas e transformar os centros previstos ao mesmo tempo. Con estas transformacións é importante que se teñan en conta as necesidades de profesorado nos novos centros e que as consecuencias para o noso colectivo non sexan perxudiciais.

Indicamos que esta Orde chega tarde, porque debería estar presentada a finais de xuño, tal e como se dixo na Comisión Permanente do Consello Galego de FP, para a organización dos afctados.

Botamos en falta um anexo coas prazas que quedan por falta de horario, as prazas que se ofertan en total... Non é de recibo que a información nos chegue só a través dos centros.

A administración responde que non é necesario aportar máis anexos, a información dada no anexo I é suficiente.

En *Rogos e Preguntas* solicitamos que se nos informe das posibles datas de resolución das prazas de atención preferente e das prazas de convenio.

A Consellería responde que están coa baremación de atención preferente, pero que se publicarán canto antes. En canto as prazas de convenio están previstas para o xoves.

A administración termina anunciándonos que a publicación de tribunais de cátedras será, posiblemente, para o día 1 de setembro.